

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO ACOLLE A EXPOSICIÓN ITINERANTE DE ADROVI COS PREMIADOS NO I CONCURSO DE CARTEIS PARA ESCOLARES RELACIONADO COA DOAZÓN E OS TRANSPLANTES ORGANIZADO POR ADOS

- ***O CHUS recibe esta mostra itinerante que compila os traballos de máis de medio milleiro de estudantes de 24 centros académicos galegos***

Santiago, 20 de novembro do 2018.- A directora da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), Marisa Lopez García, puxo de manifesto a necesidade de promover iniciativas conxuntas procedentes do ámbito sanitario e educativo para fomentar unha cultura solidaria proclive á doazón, no transcurso da inauguración da exposición de debuxos premiados no I Concurso de Carteis para escolares relacionado coa doazón e os transplantes, que tivo lugar no Hospital Clínico Universitario de Santiago.

O CHUS acolle esta mostra itinerante, organizada pola Asociación de Doadores e Receptores de Órganos de Vigo (ADROVI), e recopila os traballos presentados por 519 estudantes procedentes de 24 centros académicos galegos que participaron neste certame.

O acto inaugural da mostra contou, ademais, coa presenza da xerente de xestión integrada de Santiago de Compostela, Eloina Núñez; do responsable da Unidade de Transplante Abdominal do CHUS, Evaristo Varo; e do presidente de ADROVI; Celso García, así como da subdirectora de Calidade e Atención ao doente da xerencia compostelá, Beatriz País; do xefe do Servizo de Nefroloxía, Candido Díaz; e da coordinadora do equipo de doazón e transplantes da área sanitaria de Santiago, Carmen Rivero.

A directora de ADOS manifestou a necesidade de fomentar “unha conciencia solidaria proclive á doazón na sociedade galega desde todos os ámbitos e niveis educativos e desde a perspectiva dos máis novos”. Neste punto, salientou que a “inestimable colaboración de asociacións e colectivos como a Asociación de Doadores e Receptores de Órganos de Vigo que achegan a nosa mensaxe moi preto da cidadanía”, manifestando que as liñas de traballo abertas con asociacións como ADROVI permiten informar, formar e sensibilizar en torno á importancia da doazón.

Premiados

Nesta primeira edición de concurso de carteis para escolares relacionado coa doazón e o transplante, que foron entregados o pasado mes de xuño, resultaron premiados nas categorías de quinto e sexto de educación primaria e primeiro ciclo de ESO, os traballos “Ven do-ar, reparte vida” de Daniel González González (CEIP Castrelo de Miño) e “Decide, ofrece, actúa, Doa” de Irene Jardón Castro (IES Carlos Casares), respectivamente.

Así mesmo, o traballo “A vida está en xogo. Elixe sempre doar” de Paula Fernández Collazo (CEIP Plurilingüe Pintor Laxeiro de Vigo) e “Acelera o motor da vida. Doa” de Area García López (IES Carlos Casares de Vigo), acadaron os segundos premios, respectivamente, nas categorías de quinto e sexto de educación primaria e primeiro ciclo de ESO.

SAÚDOS,



XUNTA
DE GALICIA



galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE



UNIÓN EUROPEA